



## Parlamento das Letras: María Reimóndez

Publicado o [30/04/2013](#)

*Comprometidamente solidaria, decididamente feminista e aínda inequivocamente galega, velaí o tríade que define a personalidade literaria de María Reimóndez, calidades que, en diversa forma e proporción, transversalizan toda a súa escrita.*

*Se a todo o anterior sumamos ademais a consciencia plena, autorreferenciada, metalingüística e transpoética coa que vive o seu oficio de ficcionadora e tradutora teremos un perfil bastante aproximado desta narradora, ensaísta e poeta que na última década ten dada ao luz algúns dos títulos máis interesantes do momento.*

*O amor e o desamor, o cárcere das modas, a problemática de xénero, a vizosa interculturalidade ou o pasado de noso son presenza reiteradas na súa produción, que abrangue tanto volumes infantoxuvenís (velaí a serie coprotagonizada pol@s moz@s Uxía, Brais e Ulises, sempre de infatigable peregrinaxe polas bisbarras galegas), coma versais (aí o está o moi crítico e reflexivo Moda galega) ou novelísticos, textos estes que lle teñen dado non poucas alegrías en forma de galardóns, críticas favorables e éxito de público.*

*Nos últimos tempos andou á dura ceifa de cartografar a Historia e direccións dos feminismos planetarios, tarefa ardua que a confirma como unha das máis informadas e autorizadas ensaístas do país, que é máis rico dende que o habitan a capitá Reimon, as amigas do club da calceta, Anne Bonney, Usha, Gaia ou Lía, presenza reveladoras que todo deben a esa súa demiúrga lucense, a mesma que aquí se fai oír con saber e lucidez.*

### **—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

Seguramente publiquei os meus primeiros textos nas revistas escolares e de instituto, pero xa antes diso sempre me gusta lembrar as dúas “novelas” que escribín tendo entre sete e nove anos e que meu pai, que era o único da casa que sabía escribir a máquina, tecleou, fotocopiou e grampou para que eu puidese logo ilustralas.

### **—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

Sen dúbida a mellor tratada foi *O club da calceta*, algo que demostra o feito de que vai na 8ª edición e as súas múltiples vidas no cine, no teatro e nas traducións. Creo que *O Club...* é unha novela que ten o potencial de conectar con moitas persoas porque inclúe protagonistas ben diferentes e tamén porque é un texto optimista e que fala claro. A peor tratada creo que foi *Pirata*, se cadra porque a sombra de *O club...* pesou moito sobre a súa visibilidade e sen dúbida tamén por tratar o lesbianismo, ademais da súa maior densidade narrativa. Aínda así, debo dicir

que a fortuna dos libros é que, a diferenza dos iogures, non caducan, e Pirata acaba de ser traducida ao italiano, co cal aí comeza unha nova vida. Ademais, todas as experiencias que tiveron ao redor deste libro foron maravillosas e sei que ten lectoras realmente entusiastas.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Escribo sempre en cadernos primeiro, antes de traballar o texto no ordenador, e procuro que teñan algo que ver co contido do que traballo. Non escribo nunca en papel cuadriculado, que dende sempre me resulta odioso. Gústame a sensación de proximidade do papel e teño tan mala caligrafía que se deixase de facelo seguramente xa nin eu mesma entendería a miña propia letra!

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Tal e como están as antoloxías literarias e seguindo a retransmisión das Guerrilla Girls no seu manifesto “As vantaxes de ser muller artista” seguramente aparecería nun apéndice ou marxe. A min realmente a única antoloxía literaria que me interesa é aquela composta polas autoras que escriben co valor máis autenticamente literario que coñezo, que é a subversión, e na que non están soas senón acompañadas polas lectoras e lectores. Na miña antoloxía desexada, logo, figuraría con gusto a carón de moitas compañeiras, dende Rosalía de Castro a Marilar Aleixandre pasando por Queizán, Romaní, Dacosta, Marga do Val, Begoña Caamaño e tantas outras. Accedería tamén a incluír unha sección de literatura masculina, por suposto por conservar algún tipo de cota, e nela non faltarían aqueles autores que excedesen en méritos literarios de subversión probados como Fran Alonso, Agustín Fernández Paz, Antón Lopo ou Antón Reixa.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

Salientaría sobre todo os momentos de estreita convivencia coas lectoras e lectores, que foron moitos e que agardo que sexan moitos máis. Salientaría se cadra a miña vontade de unirme a outras voces, as que viñeron e as que están por vir.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Non adoito rere absolutamente nada, pero hai autoras como Margaret Atwood, Emma Donoghue, Chimamanda Ngozi Adichie, C.S. Lakshmi, Christine Nöstlinger, Jackie Kay ou Sarah Waters ás que deveso por lerlles cada nova entrega.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

Creo que é hora de deixar de pensar na literatura galega en termos de carencias, creo que se ben temos problemas estruturais obvios, como o que son os obstáculos que nos poñen para chegar ás lectoras e lectores, temos tamén vantaxes importantes que temos que aprender a utilizar. A nosa principal vantaxe é que formamos realmente parte dunha comunidade na que se poden establecer, se así se desexa, alianzas. Quero dicir con isto que fronte ao márketing temos os clubs de lectura, os centros de ensino, o apoio da música, do teatro, do cinema, hai un sector da nosa literatura que traballa cun afán de tecermos redes cada vez máis mestas e que temos que traballar por ampliar porque, entre outras cousas, son as únicas experiencias que teñen viso de chegar a cambiar a sociedade na que vivimos tamén a outros niveis. Fronte á cultura do superficial e inmediato, do comercial como único valor doutros sistemas literarios, no noso aínda prima ese valor comunitario de base e esa é para min a nosa gran oportunidade. Por moito que fagan por matala e pese a quen lle pese dende as institucións de poder (tanto aquelas españolistas como algunhas galegas) a nosa cultura está viva e seguirá a estar viva sempre e cando siga en conexión coa cidadanía.

Dito isto, ás nosas letras, e nisto sen dúbida non son excepción senón normalidade con respecto a outros panoramas, sóbralles, para canonizar un termo estupendo de María Yáñez e Helena Miguélez, pirolismo e tamén ás veces a falla de consideración da nosa posición de literatura occidental con respecto a outras culturas. Refírome con isto á contradición de lairse seguido de que a nosa literatura non é coñecida e respectada fóra e logo falar do canon desexable e da “literatura universal” como aquela escrita por Shakespeare e Goethe (homes brancos heterosexuais e falantes de linguas hexemónicas). O do pirolismo creo que xa foi moi ben definido polas compañeiras antes mencionadas e por Rosalía de Castro, porque seguimos nun sistema literario que pretende seguir facendo de nós estranxeiras na nosa patria. Exclúesenos dos foros de debate, dos premios, das cousas “importantes”, fálase do noso aspecto físico no canto de das nosas obras e cando se fala destas resúmense a tropos como “universo feminino” e “literatura de mulleres”.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Se o meu tempo se esgotase seguramente tentaría pasalo coas persoas e tería pouco tempo para escribir. Preferiría sen dúbida falar e deixar tras min o diálogo fronte ao monólogo. Seguramente o último que escribiría sería unha contribución para unha antoloxía como as que fixemos en Implicadas no Desenvolvemento con mulleres poetas de Támil Nadu e de Etiopía e ocuparía os meus últimos intres en traducir os textos das que tanto precisamos que teñan a palabra.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

Creo que xa a fun dando ao longo das demais respostas. Vivimos no paradoxo de ter a lingua á intemperie e a literatura a toda máquina. Así que creo que haberá que utilizar esta última e o resto de ferramentas que temos ao noso alcance (a música, o teatro, o cinema) para darlle acubillo e esixir a devolución de dereitos ás persoas galegofalantes. Porque a fin de contas penso que o que máis segue atraendo ao ser humano son as historias e de aí o éxito dos videoxogos e dos talkshows, cómpre que teñamos a intelixencia e o saber facer suficiente para aproveitar esa vantaxe para saltar os obstáculos e esquivar as pedras que se nos arrebolan.